


Textos: **ÚRSULA WÖLFEL**
Ilustracións: **PABLO BERNASCONI**
Tradución: **PACO MIRANDEIRA**

Encadernado en cartón
68 páxinas a toda cor. 15x23,5 cm.
Dispoñible en:

- Galego: "27 historias para tomar a sopa"
SeteLeguas ISBN 978-84-8464-516-0
- Castelán: "27 historias para tomar la sopa"
SieteLeguas. ISBN 978-84-96388-31-4
- Portugués: "27 histórias para comer a sopa"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-52-1

Prezo: 13 €

27 HISTORIAS PARA TOMAR A SOPA



En certa ocasión un neno non quería tomar a sopa. A súa nai díxolle: "Eu dareicha". Daquela o neno contestou: "¡Está quente!" A nai revolveu a sopa. Agora xa non estaba quente. Pero o neno volveu a cabeza e dixo: "Xa non teño fame. Non quero comer. Quero xogar". Entón a nai empezou a contarlle un conto para que tomara a sopa.

A apaixonante historia da máquina de saltos-xira-balanceadora-tocabuguinas, as atípicas apetencias culinarias das vacas, o temor a voar dunha bolboreta recién nacida ou a xenerosidade dun esquío cunha familia de ratiños campestres son algúns dos relatos breves -pero de intenso sabor- que unha nai vai debullando para vencer a desgaña do seu fillo ante un prato de sopa.

Todos, nalgún momento da nenez ou da madurez, nos vimos reflectidos neste libro: ben argallando trucos para abrir o apetito dos cativos, ben abrindo a boca para darlle a benvinda a sucesivos bocados que sucaban o aire a bordo de garfos voantes.

A culler que collemos con estas "27 historias para tomar a sopa" contén as suxerentes narracións de Úrsula Wölfel, aderezadas co talento do ilustrador Pablo Bernasconi. Para tomar a sopa, para ir para a cama, para dar un baño... calquera actividade se volve irresistible se a precede algún destes relatos, estruturados cunha linguaxe sinxela e práctica.

O gato que comía flan de chocolate, a lebre que salvou ás demais dos cazadores grazas á agudeza das súas grandes orellas, os avatares dun coche de xoguete que se coou nas galerías subterráneas dunha toupá... A habilidade de Úrsula Wölfel para conectar coa sensibilidade infantil e atraer a súa atención Úrsula Wölfel queda demostrada neste libro, ao que seguen "28 historias para rir" e "29 historias disparatadas".

- **Temática:** relatos breves de humor
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións a base de collage e fotomontaxe; práctica da escrita creativa

ÚRSULA WÖLFEL (Ruhrgbiet, 1922)

Estudou Xermanística en Heidelberg. Trala II Guerra Mundial traballou como axudante de escola, estudou Pedagogía e incorporouse como mestra nun colexio para nenos con necesidades educativas especiais. En 1959 escribiu o seu primeiro libro infantil e co tempo converteuse nunha das autoras de maior éxito para o público infantil e xuvenil. Pertence ao PEN Clube dende 1972 e recibiu prestixiosos galardóns: polo conxunto da súa obra obtivo en 1991 o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil de Alemaña.



PABLO BERNASCONI (Bos Aires, 1973)

Estudou Deseño Gráfico na Universidade Nacional de Bos Aires, onde tamén exerceu como docente durante 6 anos. Comezou como ilustrador en 1998. As súas ilustracións publícanse en diarios de todo o mundo como The New York Times, The Wall Street Journal, The Times de Inglaterra. Recibiu premios da Society of Newspaper Design polos seus traballos en Clarín e La Voz de Galicia; o Arquivo Luezer de Alemaña seleccionouno en 2005 como un dos 200 mellores ilustradores do mundo. Publicou libros infantís escritos e ilustrados por el en Inglaterra, Alemaña, Estados Unidos, Corea, España e Arxentina. Destaca "O zoo de Xoquñin", publicado por KALANDRAKA. Actualmente traballa dende Bariloche, na Patagonia, para Arxentina, Alemaña, EEUU, Inglaterra, Australia, España, Costa Rica e Xapón.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com